

Unha ameixeira brava para Marilar

A escritora Marilar Aleixandre recibe unha homenaxe dos seus compañeiros de oficio

CRÓNICA

REDACCIÓN
GALICIA

cultura@xornaldeg Galicia.com

Unha árbore, un monolito, unha escultura de Silverio Rivase o cariño dos que, coma ela, dedican parte do seu tempo á literatura en Galicia. Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) recibiu onte en Santiago a homenaxe dos seus colegas. Acompañada polo alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez Iglesias, Aleixandre plantou no parque da avenida de Barcelona, que en diante levará o seu nome, a árbore que escolleu para que lle custodie a memoria no futuro: un abruñeiro, unha ameixeira brava.

A homenaxe, denominada A Escritora na súa Terra, completouse máis tarde no salón nobre do Pazo de Raxoi coa entrega da Letra E —unha escultura conmemorativa de Silverio Rivas—, a *laudatio* pronunciada pola poeta Ana Romaní e as intervencións de Cesáreo Sánchez e a secretaria xeral da asociación de escritores, Mercedes Queixas. Por último, antes de pechar os actos nun xantar na Rúa das Oblatas, interveu a propia Marilar Aleixandre.

Ade onte era a décimo quinta vez que un escritor galego recibía deste xeito o cariño dos seus compañeiros de oficio. O primeiro en protagonizar esta festa creada pola AELG foi Antón Avilés de Taramancos en 1995, a quen seguirían Bernardino Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro,



Aleixandre e o presidente dos escritores, Cesáreo Sánchez, no intre de plantar o abruñeiro en Santiago T. DELA FUENTE

Salvador García-Bodaño, Pura e Dora Vázquez, María do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor e Agustín Fernández Paz.

Aínda que naceu en Madrid e escribiu en Ceuta, Marilar Aleixandre está vencellada a Galicia dende os 25 anos, primeiro a Vigo e logo a Santiago, onde é catedrática de Didáctica das Ciencias. Naceu para a literatura galega en 1989

con *A formiga coxa*, a súa primeira novela infantil, e dende entón non deixou de publicar nin de gañar premios.

Entre outros, conta co Premio da Crítica, o Rañolas, o Manuel Murguía, o Álvaro Cunqueiro, o Lazarillo, varios Merlín e o Esquíu e o Caixanova en poesía. Coa súa última novela, *A cabeza de Medusa* (2007), obtivo o Caixa Galicia e o The White Ravens. ■